

Aviso Legal e Política de Privacidade

Responsable da Protección de Datos

Coa finalidade de dar cumprimento ás disposicións recollidas no artigo 10 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico, facilitamos a os/as usuarios/as do sitio web do centro escolar e de perfís da ANPA en redes sociais, así como a os/as socios/as e/ou usuarios/as dos servizos de comedor e actividades extraescolares os seguintes datos de información xeral sobre o responsable en materia de tratamento e protección de datos:

Nome ou denominación social: Asociación de Nais e Pais de Alumnos C.E.P. Xosé María Brea Segade

Domicilio social: R/ Campo Maneiro, Nº 43-E, 15985, Taragoña – Rianxo (A Coruña)

CIF: G15145386

Número de Rexistro: 1988-1999-1

Enderezo electrónico: anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal (para inscricións e exercicio de dereitos ARSOLP) e anpabreasegade@gmail.com (correo xeral).

Lexislación aplicable e Xurisdición

As presentes condicións xerais réxense polo Regulamento Xeral 2016/679 de Protección de Datos do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016 e pola lexislación española aplicable (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais, e a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico). Para calquera litixio que puidese xurdir en relación co sitio web ou en redes sociais, ou coa actividade que neles se desenvolve, serán competentes os Xulgados e Tribunais que correspondan ao domicilio da ANPA CEP Xosé María Brea Segade, renunciando expresamente o/a usuario/a a calquera outro foro que puidese corresponderlle.

Finalidade da sección da ANPA da web escolar

Na sección da ANPA da web do centro publicaremos contidos informativos sobre as actividades relacionadas coa asociación, así como artigos e/ou novas que poidan resultar de interese.

Tamén poñeremos á disposición dos/as usuarios/as interesados/as formularios de inscrición, autorizacións e declaracións de responsabilidade, a partires dos cales recadaremos en nome da ANPA CEP Xosé María Brea Segade os datos persoais necesarios para desenrolar a nosa actividade como asociación, e que integraremos nos nosos ficheiros específicos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos persoais.

Recollida de datos de carácter persoal

A recollida de datos de carácter persoal realizarase única e exclusivamente a través dos formularios de inscrición na ANPA, en actividades extraescolares e no servizo de comedor, así como das autorizacións e declaracións de responsabilidade, postos á disposición dos/as usuarios/as na web, así como a través dos correos electrónicos que os/as usuarios/as remitan á Asociación.

Non recolleremos datos persoais a través de redes sociais (Facebook, Instagram, Whatsapp), limitándonos á publicación de información relacionada coa Asociación e á interacción social cos/as usuarios/as das aplicacións, sen que isto supoña o almacenamento ou tratamento de datos. Do mesmo xeito, dende a ANPA CEP Xosé María Brea Segade non requiriremos ningún dato persoal dos/as usuarios/as que desexen publicar comentarios nas entradas de blog do sitio web do centro.

Os datos recollidos a través dos formularios serán exclusivamente datos identificativos: nome e apelidos, DNI, teléfono, dirección de correo electrónico e imaxe.

En ningún caso se tratarán categorías de datos especialmente protexidos.

Os/as usuarios/as que se dean de alta como socios/as ou que fagan uso dos servizos de comedor e de actividades extraescolares manifestan que todos os datos facilitados por eles/as nos formularios son certos e correctos, e comprométese a mantelos actualizados, comunicando os cambios á ANPA CEP Xosé María Brea Segade e reservándose a asociación o dereito de comprobación dos datos proporcionados para garantir a súa exactitude.

No caso de que os/as usuarios/as faciliten datos de terceiros (na autorización para a recollida do alumnado usuario de comedor e actividades extraescolares), manifestan contar co consentimento dos mesmos e comprométese a trasladarlles a información contida neste documento, eximindo á ANPA CEP Xosé María Brea Segade de calquera responsabilidade neste sentido.

Os/as socios/as e usuarios/as poderán retirar o seu consentimento de autorizar o tratamento dos datos por parte da ANPA CEP Xosé María Brea Segade en calquera momento notificándoo por correo electrónico ao enderezo anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal, sen que iso afecte ao lexítimo tratamento realizado ata a data de revogación do mesmo.

A recollida e tratamento dos datos de carácter persoal ten como **finalidade** o desempeño das tarefas administrativas, de información, asesoramento e outras actividades propias da Asociación.

Lexitimación

O tratamento dos datos realízase coas seguintes bases xurídicas que lexitiman o mesmo:

1. A solicitude de información e a afiliación e/ou inscrición dos/as usuarios/as nos servizos xestionados pola ANPA CEP Xosé María Brea Segade.

2. O consentimento libre, específico, informado e inequívoco que prestan os/as usuarios/as ao marcar a casa “Autorizo” e asinar os formularios correspondentes, toda vez foron informados/as das condicións do tratamento de datos nos propios formularios e se pon á súa disposición a presente Política de Privacidade.

No caso de que os/as usuarios/as non nos faciliten os seus datos ou o fagan de xeito erróneo ou incompleto, non poderemos atender a súa solicitude, resultando imposible dalos de alta como socios/as e/ou prestarlles os servizos xestionados pola ANPA.

Período de conservación dos datos de carácter persoal

Os datos conservaranse só mentres se manteña a relación coa ANPA CEP Xosé María Brea Segade ou non se solicite a súa supresión, e durante o prazo polo cal puidesen derivarse responsabilidades legais polos servizos prestados, e empregaranse unicamente coa finalidade descrita no apartado *Recollida de datos de carácter persoal*.

Cesión de datos a terceiros

Os datos non se cederán a terceiros excepto nos casos nos que exista unha obriga legal. A comunicación de datos persoais dos/as socios/as e usuarios/as ás Forzas e Corpos do Estado farase en virtude ao disposto na normativa vixente sobre protección de datos persoais.

Os datos contidos nos formularios de inscrición no comedor e en actividades extraescolares serán comunicados exclusivamente ás empresas ou entidades que presten devanditos servizos para a ANPA como encargados de tratamento e co único obxectivo de realizar a actividade para a que foron contratadas, e estarán suxeitas polo mesmo contrato ou acto xurídico similar a respectar as instrucións proporcionadas pola ANPA CEP Xosé María Brea Segade e, en todo caso, a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

Os/as usuarios/as poden coñecer os datos identificativos dos encargados de tratamento consultando os formularios de inscrición correspondentes.

Destinatarios dos datos

Serán destinatarios dos datos facilitados polos/as socios/as e usuarios/as a ANPA C.E.P. Xosé María Brea Segade, como responsable do tratamento de datos, así como as empresas e entidades que presten o servizo no que se inscriban voluntariamente os/as usuarios/as (comedor e/ou actividades extraescolares), como encargados do tratamento de datos a efectos da realización da súa actividade e só durante o tempo en que esta se desenrole.

No caso das redes sociais nas que a Asociación dispoña de perfil (Whatsapp, Facebook, Instagram), os/as usuarios/as que as empreguen estarán tamén suxeitos á Política de Privacidade de devanditas plataformas.

Ver a [Política de privacidade de Whatsapp](#).

Ver a [Política de Privacidade de Meta](#) (para Facebook e Instagram).

Ao non contar con aplicacións corporativas a tal efecto, e co fin de axilizar a comunicación entre os membros da Xunta Directiva, así como coas familias e coas empresas e entidades prestatarias dos servizos ofertados pola asociación, crearemos diferentes grupos na aplicación de mensaxaría instantánea Whatsapp.

As familias socias ou usuarias dos servizos deberán prestar o seu consentimento para a inclusión nos grupos asinando as correspondentes autorizacións incluídas nos formularios de inscrición, para o cal serán debidamente informadas no mesmo documento, poñendo ademais á súa disposición esta Política de privacidade.

Baixo ningún concepto compartiremos datos de carácter persoal dos/as interesados/as a través desta aplicación, incluíndo imaxes, nin autorizaremos que o fagan os encargados de tratamento que, no caso da difusión de imaxes, deberán contar coa correspondente autorización expresa dos/as interesados/as. Tampouco admitiremos o envío de formularios a través da aplicación, se ben as familias son libres de compartir o nome de pila das súas crianzas co único obxecto de comunicar faltas, ben sexa por esta vía ou ben telefonicamente ao número de contacto da empresa, ou por correo electrónico. O uso dos grupos limitarase ao intercambio de información xeral en relación coas actividades que desenrole a Asociación.

Os grupos serán creados exclusivamente pola ANPA C.E.P. Xosé María Brea Segade, como responsable do tratamento de datos.

Por extinción do contrato coas empresas/entidades prestatarias (cuxa duración é de un curso académico), dende a ANPA C.E.P. Xosé María Brea Segade procederemos, a final de curso e por esta orde, a:

1. Baleirar os chats.
2. Eliminar a todos/as os/as usuarios/as.
3. Eliminar os grupos de comedor e extraescolares.

Con respecto ao grupo de socios/as e o da Xunta Directiva da ANPA, estes permanecerán abertos, eliminando a todos/as os/as usuarios/as no caso do grupo de socios/as e só aos que causen baixa no caso da Xunta Directiva, e os chats baleiraranse ao inicio de cada curso.

Medidas de Seguridade

Dende a ANPA CEP Xosé María Brea Segade adoptamos as medidas necesarias para garantir a seguridade, integridade e confidencialidade dos datos conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos mesmos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais.

No tratamento de datos persoais a ANPA CEP Xosé María Brea Segade aplicará os principios dispostos na normativa aplicable en materia de protección de datos e seguridade da información:

Principio de licitude, transparencia e lealdade: trataremos os datos dos/as interesados/as de maneira lícita, leal e transparente, requirindo sempre consentimento previo e informando sobre os termos do mesmo.

Principio de finalidade: recolleremos e trataremos os datos de acordo cuns fins determinados, explícitos e lexítimos.

Principio de minimización de datos: só solicitaremos os datos estritamente necesarios para cumprir coas nosas funcións, reducindo a extensión do tratamento e limitando ao necesario o prazo de conservación e a súa accesibilidade.

Principio de exactitude: manteremos os datos actualizados e suprimirémolos ou modificarámos sen dilación cando estes sexan inexactos con respecto aos fins para os que se tratan.

Principio de limitación do prazo de conservación: conservaremos os datos durante o tempo estritamente necesario para os fins para os que foron recollidos e informaremos sobre devandito prazo de conservación, procedendo a borrarlos, bloquealos ou suprimilos toda vez se dea cumprimento a eses fins.

Principio de seguridade: determinaremos as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a integridade, a dispoñibilidade e a confidencialidade dos datos persoais que tratamos, quedando devanditas medidas recollidas nos documentos de Rexistro de Actividades de Tratamento e de Rexistro de Medidas de Seguridade da ANPA CEP Xosé María Brea Segade.

Principio de responsabilidade activa ou responsabilidade demostrada: velaremos porque se cumpra o protocolo interno de seguridade para protexer e garantir os dereitos dos/as socios/as e usuarios/as dos nosos servizos.

Protección de datos de menores

A imaxe considérase un dato de carácter persoal na normativa de protección de datos de carácter persoal, así como na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección

civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e no caso dos menores, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.

Polo tanto, para a publicación de datos persoais en redes sociais debemos contar co consentimento dos/as usuarios/as como nais, pais ou titores/as dos/as menores, para o cal deixamos unha **Autorización de cesión de imaxe de menores** dispoñible para a súa descarga na web do centro con toda a información respecto dos datos que se van a publicar, a súa finalidade, onde se publicarán e o prazo durante o cal se conservarán os mesmos, así como da posibilidade que teñen os/as usuarios/as de exercer os seus dereitos ARSOLP (acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade).

No caso de non mediar consentimento, poderíamos publicar imaxes de menores de maneira que non se puidese identificalos con facilidade, por exemplo, pixelando as imaxes.

Os encargados de tratamento que desexen publicar imaxes de menores no desenrolo das súas actividades deberán recadar por conta propia o consentimento de nais, pais ou titores/as dos/as menores e tratar os datos de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

Con respecto á publicación das listaxes de alumnado admitido no servizo de comedor e en actividades extraescolares, esta realizarase mediante documento cifrado, polo que o acceso á información estará restrinxido e só poderá abrirse mediante chave de acceso proporcionada pola ANPA a través da aplicación abalar a os/as socios/as e/ou usuarios/as destes servizos. Estas publicacións recollerán só o resultado final do baremo, non resultados parciais, e non conterán datos que poidan responder a información sensible. Cando xa non sexan necesarias estas listaxes, retiráremolas e conserváremolas a fin de xestionar os servizos que ofrecemos e de atender as eventuais modificacións, renuncias e reclamacións. As listaxes serán eliminadas unha vez finalice o curso.

En todo caso, velaremos polo interese superior dos menores, lembrando tamén a quen accede á información (datos persoais e imaxes) que non pode, á súa vez, proceder á súa divulgación de forma aberta sen cumprir os requisitos anteriormente mencionados.

Compromisos e obrigas dos/as usuarios/as

Os/as usuarios/as son responsables respecto ás leis e regulamentos en vigor e ás regras que teñen que ver co funcionamento do sitio web, dereitos de autor e mantemento da orde pública, así como principios universais do uso de Internet.

Deste xeito, queda prohibido o uso da sección da ANPA ou do sitio web con fins ilícitos ou lesivos, de xeito que poida causar algún prexuízo ou danar a imaxe da ANPA CEP Xosé María Brea Segade, do centro escolar ou de terceiros, así como danar ou impedir o normal funcionamento do sitio web.

Política de comentarios

Tanto o sitio web como os perfís de redes sociais que xestiona a ANPA CEP Xosé María Brea Segade (Facebook, Instagram, Whatsapp) concíbense como un medio de comunicación de información relacionada coa Asociación, que transmita os nosos valores ou que proporcione outra información necesaria ou de interese para os/as usuarios/as. Dende a ANPA agradecemos calquera tipo de participación a través destas canles, sen ningún tipo de discriminación. Sen embargo, non toleraremos baixo ningún concepto:

- Contidos ou comentarios que atenten contra a lei ou os dereitos dos/as usuarios/as.
- Comentarios racistas, xenófobos, obscenos, violentos ou que poidan danar a sensibilidade dos/as usuarios/as.
- Insultos, descualificacións ou comentarios que poidan supoñer ataques, difamacións ou ameazas.
- Contidos pornográficos ou sexuais, ou comentarios de devandita natureza.
- Contidos non veraces, con información falseada ou que pretendan enganar.
- Contidos que non garden relación coa finalidade do perfil da ANPA en redes sociais.
- Spam ou contidos con finalidade comercial distintos á actividade desenrolada pola ANPA.
- A ANPA CEP Xosé María Brea Segade resérvase o dereito de eliminar calquera contido ou comentario que contraveña as normas sociais anteriormente sinaladas.

Cada usuario/a será considerado/a responsable dos seus comentarios e interaccións no sitio web e en redes sociais onde a ANPA dispoña de perfil, e en ningún caso as súas opinións representarán a opinión da ANPA CEP Xosé María Brea Segade.

Os perfís de usuario susceptibles de ser falsos poderán ser eliminados ou denunciados ante os responsables da rede social correspondente.

Recomendamos tamén que os/as usuarios/as eviten publicar os seus datos persoais en redes sociais, en especial información sensible coma números de contas bancarias, tarxetas de crédito e números de teléfono, xa que outras persoas poderían acceder a eses datos e empregalos no prexuízo de quen os publique. Tampouco está permitido revelar datos da vida íntima de terceiras persoas, aínda que sexan familiares ou amigos dos/as usuarios/as.

Dereitos dos usuarios/as

Os/as socios/as e usuarios/as teñen dereito a:

- Revogar os consentimentos outorgados.
- Ser informados de se a ANPA CEP Xosé María Brea Segade está tratando os seus datos persoais.

- Acceder aos datos persoais almacenados, así como rectificar os datos inexactos ou incompletos, solicitar a súa supresión cando non sexan necesarios, limitar o seu tratamento se se incumpre a normativa de protección de datos, opoñerse ao tratamento en determinadas circunstancias, ou solicitar a portabilidade dos datos enviando un correo electrónico a anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal.
- Reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos se consideran que a ANPA CEP Xosé María Brea Segade vulnerou os seus dereitos en materia de protección de datos.

Dereitos de Propiedade Intelectual e Industrial

A ANPA CEP Xosé María Brea Segade é titular de todos os dereitos de autor, propiedade intelectual, industrial, “know-how” e calquera outro dereito que garde relación cos contidos de creación propia da sección da ANPA no sitio web, polo que non se permite a súa reprodución, distribución ou difusión sen dar o debido crédito á asociación.

En canto a contidos de terceiros publicados no sitio web e nos perfís xestionados pola ANPA en redes sociais para a información dos/as intererados/as, estes serán sempre atribuídos de xeito público a os/as seus lexítimos/as creadores/as, poñendo á disposición dos/as usuarios/as o nome, perfil de usuario ou ligazón dos/as creadores/as de devanditos contidos e tipo de licencia ou condición específica de publicación, se existen.

A ANPA CEP Xosé María Brea Segade non se fará responsable dos danos e prexuízos que se puidesen derivar da utilización ilícita dos contidos ou da infracción por parte dos/as usuarios/as de calquera disposición legal vixente.

Responsabilidades

A ANPA CEP Xosé María Brea Segade non se responsabiliza nin outorga ningunha garantía, en ningún caso, sobre os danos e prexuízos causados por:

- Os fallos ou configuracións incorrectas que o usuario/a puidese ter nos seus dispositivos.
- A existencia de virus, programas maliciosos ou lesivos nos contidos.
- A falta de dispoñibilidade ou calidade do sitio web ou dos contidos que nel se ofrecen.
- A falta de licitude, dispoñibilidade, calidade, utilidade ou fiabilidade dos servizos prestados por terceiros e postos á disposición dos/as usuarios/as no sitio web ou nos perfís xestionados pola ANPA en redes sociais.
- O uso ilícito, negligente, fraudulento ou contrario ao presente documento.

A ANPA CEP Xosé María Brea Segade podería proporcionar nalgúns casos ligazóns a outros sitios web e contidos que son propiedade de terceiros coa única finalidade de

proporcionar a o/a usuario/a a posibilidade de acceder a información que poida resultar de interese. Dende a ANPA non nos responsabilizamos en ningún caso dos resultados que poidan derivarse do acceso a estas ligazóns. Ademais, a información que se proporcione nestes sitios web está suxeita ás Políticas de privacidade de devanditos sitios, polo que recomendamos que os/as usuarios/as as revisen.

Do mesmo xeito, a ANPA **resérvase o dereito a actualizar, modificar ou eliminar a información contida na súa sección do sitio web do centro**, así como nos seus perfís de redes sociais, e a configuración ou presentación dos mesmos, en calquera momento e sen asumir ningunha responsabilidade por tal motivo.

Comunicacións comerciais:

En aplicación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico, a ANPA CEP Xosé María Brea Segade non enviará comunicacións publicitarias ou promocionais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente que non fosen previamente solicitadas ou expresamente autorizadas polos/as destinatarios/as das mesmas.

En todo caso, o/a usuario/a, tras acreditar a súa identidade, poderá solicitar que non se lle faga chegar máis información a través do enderezo electrónico anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal.

Contacto

En caso de dúbida con respecto á Política de Privacidade da ANPA CEP Xosé María Brea Segade, os/as usuarios/as poderán contactar coa ANPA a través das seguintes canles:

- a. Correo electrónico: anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal (para inscricións e exercicio de dereitos ARSOLP).
- b. Grupo de Whatsapp ANPA BREA SEGADE (uso exclusivo de socios/as da ANPA, con consentimento previo). Horario de atención a familias: luns a venres, de 09:00 a 21:00h (responderemos á maior brevidade posible tamén dentro deste horario).